

PROXECTO EDUCATIVO

ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA "Bernardo del Río" VILAGARCIA DE AROUSA

O Currículum completo da Escola Municipal de Música de Vilagarcía de Arousa consta das seguintes etapas educativas:

1.- Música e Movemento:

Duración: 4 anos

Idade dos alumnos: 4-8 anos

Estrutura: 2 ciclos de 2 anos de duración cada un.

2.- Cursos de Área Xeral

Duración: 4 anos

Idade dos alumnos: a partir de 8 anos

Estrutura: Os alumnos se clasifican xa en Cursos específicos de aprendizaxe e son organizados en Grupos de xeito flexible mediante os criterios de Instrumento, Linguaxe Musical e Agrupacións.

3.- Curso específico de preparación das probas de acceso ao Conservatorio

Duración: 1 ano

A esta Área terán acceso todos aqueles alumnos que superaran os catro cursos da Área xeral, ou ben se pasan un exame amosando seus coñecementos ante un tribunal formado polos profesores de dita Área.

Estrutura: Os alumnos se clasifican en Áreas específicas de aprendizaxe e son organizados en Grupos de xeito flexible mediante os criterios de Instrumento e Linguaxe Musical.

AREAS: CLÁSICA- MODERNA- TRADICIONAL

MATERIAS: LINGUAXE MUSICAL-INSTRUMENTO-AGRUPACIÓN/ CORO

CONTIDOS DAS MATERIAS

O contido básico de cada materia será homoxéneo, adecuando o nivel de dificultade da etapa educativa, ao curso ou área de que se trate.

Linguaxe Musical :

Lectura, escritura, entoación, audición, ritmo, armaduras de clave, tonalidade, harmonía, improvisación, etc.

Instrumento:

Son, interpretación, ritmo, articulación, fraseo, dicitación, etc.

Con respecto á voz, respiración, emisión, afinación, articulación etc.

Agrupación:

Interpretación, improvisación, dirección, etc

OBXETIVOS

Linguaxe Musical:

Proporcionar ao alumno a "alfabetización" musical para que poida ler e escribir música de xeito fluído. Indispensable para abordar o estudio dun instrumento clásico, moderno ou tradicional.

O seu estudio realizarase simultaneamente co do instrumento e constará de 4 Cursos, ao xeito do Grao Elemental de Conservatorio; e máis 1 Curso de preparación das probas de acceso a Grao Medio, para aqueles alumnos que teñan vocación e aptitudes para acceder a dito Grao. (Disposición Terceira, apartado C, Orde do 11 de Marzo 1993, Xunta de Galicia).

Estes obxectivos enfocaranse cara a obtención por parte dos alumnos do nivel de competencia que lles corresponda en lectura, escritura, entoación, audición, ritmo, armaduras de clave, tonalidade, harmonía, improvisación, etc. Os recursos didácticos que se emplearán, ademáis dos métodos, serán repertorios de melodías e exercicios para interpretar ou cantar, adaptados ao nivel de dificultade propio de cada curso.

Instrumento:

Os obxectivos de aprendizaxe de instrumento enfocaránse á adquisición da técnica necesaria para poder desenvolverse correctamente, tanto de xeito individual, coma en grupo, incrementando de xeito progresivo a calidade de son, a interpretación, o ritmo, a articulación, o fraseo, a dicitación etc. Con respecto á voz, traballarase a respiración, emisión, afinación, articulación etc.

Resumindo: Tratarase de dominar no seu conxunto as técnicas sonoras e expresivas de cada instrumento.

A oferta de especialidades instrumentais que se impartan, requirirán dun mínimo de 4 alumnos por especialidade. Son as seguintes:

(Clásicos)

ACORDEÓN

BOMBARDINO

CLARINETE

CONTRABAIXO

FRAUTA TRAVESEIRA

GUITARRA

PERCUSIÓN

PIANO

SAXOFÓN (ALTO E TENOR)

TROMBÓN

TROMPA

TROMPETA

TUBA

VIOLA

VIOLÍN

VIOLONCHELO

(Modernos)

GUITARRA ACÚSTICA

GUITARRA ELÉCTRICA

BAIXO ELÉCTRICO

TECLADOS

BATERÍA

(Tradicionais)

GAITA GALEGA

(Outros)

INFORMÁTICA MUSICAL

Agrupación :

Os obxectivos das Agrupacións enfocaránse cara a adquisición das técnicas e destrezas necesarias para a actuación grupal. Os recursos didácticos que se empregarán para isto, serán fundamentalmente repertorios programados coa finalidade de potenciar a atención cara a interpretación, improvisación, dirección etc.

As clases de Conxuntos e Agrupacións poderían dar orixe a novas agrupacións estables que, co paso do tempo, poderán adquirir autonomía e identidade propias, enriquecendo a actividade cultural de Vilagarcía, dotando á cidade de novas alternativas de ocio e creación artística.

As actividades de Conxuntos, tanto vocais coma instrumentais permitirán aos alumnos da Escola de Música, comprender o significado de súa formación musical ao posibilitarlle a participación dentro dun grupo. Neste senso, representan o fin último que persegue a ensinanza dun instrumento na educación musical para afeccionados, sen renunciar á orientación a estudos profesionais dos alumnos que teñan especial vocación e aptitudes.

Estas actividades de Conxunto serán optativas, para os alumnos a partir de 9 anos.

Agrupacións Instrumentais/Vocais da Escola Municipal de Música

Grupo de Corda Frotada.

Grupo de Guitarra Clásica.

Grupo de Percusión.

Grupo de Vento Madeira

Grupo de Vento Metal

Grupo de Acordeóns

Combo Moderno

Junior Band

Coro Infantil/Xuvenil

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Linguaxe Musical :

- * Entoar e recoñecer intervalos, acordes, escalas etc. a partires dunha nota dada, incrementando a dificultade en cada curso.
- * Cantar os fragmentos programados durante o curso.
- * Entoar fragmentos a primeira vista.
- * Dictados melódicos, harmónicos e rítmicos.
- * Reproducir estruturas rítmicas (palmas ou percusión corporal).
- * Reproducir fragmentos melódicos (cantando)

Instrumento :

- * Interpretación dunha obra ou fragmento preparado con anterioridade.
- * Interpretación dunha obra ou fragmento a primeira vista
(Valorarase no seu conxunto o dominio das técnicas e posibilidades sonoras e expresivas de cada instrumento).

Agrupación :

- * Interpretación dunha obra ou fragmento preparado con anterioridade .
- * Interpretación dunha obra ou fragmento a primeira vista.
- * Facer de líder marcando o tempo de entrada, partes etc.(Valorarase a interpretación, dirección, etc)

COMPROMISOS DE ACTUACIÓN

1.- A Escola e cada un dos seus profesores, elaborará o currículo de ensinanzas por Áreas, baseándose nos contidos sinalados anteriormente e nos criterios e recursos de avaliación propostos.

2.- Os profesores de cada Área desenvolveran o material didáctico de acordo coa carga lectiva que eles crean axeitada para dita Área, baseándose nos contidos previamente mencionados e nos criterios de avaliación, tendo en conta que a permanencia máxima na Escola é de cinco anos, ampliables según causas especiais, a estudar en cada caso.

3.- As dúas primeiras semanas do curso dedicaranse a determinar o nivel do alumnado novo con coñecementos de música, para ubicalos no curso que lles corresponda.

4.- Cada profesor terá a responsabilidade das avaliacións dos trimestres e do proceso de ensinanza, baseándose nos contidos previamente mencionados e nos criterios de avaliación.

5.- O límite máximo de permanencia na Escola, sin ter en conta a etapa de Música e Movemento, será de CINCO ANOS, a partir do quinto ano só se poderán matricular nas agrupacións establecidas para este alumnado. Os alumnos que leven máis de CINCO ANOS poderán solicitar unha Convocatoria Extraordinaria, para continuar un ano máis. Esta Convocatoria será avaliada polo Claustro de Profesores e será concedida sempre e cando haxa prazas vacantes, e o Claustro o considere oportuno.

6.- No 5º curso de Linguaxe Musical, so se poderán matricular os alumnos que vaian a realizar o Acceso ó Grado Profesional.

7.- A idade mínima de entrada na Área de Xeral será de 8 ANOS.

8.- Os alumnos da Escola de Música realizarán 3 audicións anuais, coincidindo cos diferentes trimestres, onde a súa participación será obrigatoria.

Tamén coincidindo cos trimestres, realizaranse 3 concertos de solistas, e 3 de agrupacións, para dar o posibilidade de que o maior número de alumnos participen en ditos concertos.

9.- Ao finalizar os Cursos de Área Xeral, a Escola outorgará un diploma acreditativo dos estudos realizados.

10.- Será motivo de baixa na Escola de Música Municipal os alumn@s que:

- Incumplan o pago das cotas trimestrais establecidas.
- Os/as alumn@s de música e movemento que teñan tres faltas de asistencia á clase ó mes non xustificadas.
- Nas asignaturas de 1 hora semanal, causarase baixa con 2 faltas ó mes non xustificadas.
- Nas asignaturas de 2 horas semanais, será causa de baixa 4 faltas ó mes non xustificadas.
- Por calquera outra causa que sexa considerada de suficiente entidade, previo informe do equipo directivo, como incumprimento reiterado das normas do Centro.
- As baixas producidas por calquera dos motivos anteriormente expostos, cubriranse coa lista de espera por rigurosa orde.

PLANS DE ESTUDO

Dende a Escola de música ofertamos 2 Plans de formación enfocados para as dúas opcións de formación que os alumn@s poderán escoller:

- **Plan de Formación de Orientación Profesional**

Será un Plan de Estudos máis riguroso, con uns obxectivos e contidos ben delimitados, e onde o alumno deberá realizar e superar uns mínimos esixibles, que figuran nas diferentes programacións instrumentais, para así poder aprobar o curso. Este Plan de Estudos require un maior esforzo por parte do alumno con estudo diario e constante.

Este Plan de Estudos está planificado para aqueles alumnos que desexen continuar a súa formación musical en Centros Profesionais de Música; ou ben para aqueles alumnos que sen ter a intención de continuar cos estudos musicais noutros centros, poidan recibir a formación musical o máis completa posible.

As cualificacións neste Plan de Estudos serán as habituais (suspenso, aprobado, ben...)

- **Plan de Formación Xeral**

É un Plan de Estudos máis flexible, onde cada mestre tamén terá uns obxectivos e contidos establecidos, pero será en maior medida o alumno o que co seu estudo e a súa dedicación, marque as pautas a seguir. O repertorio será máis libre, pero sempre cos mínimos que o mestre marque para levar unha evolución musical constante. Este repertorio poderá consistir en Bandas Sonoras de películas, temas Disney, temas populares...

Este Plan está enfocado para aqueles alumnos que teñen na ensinanza musical un mero hobby, e asisten a clases de música polo mero placer de facer música, polo gusto de ter un contacto co instrumento, pero non teñen como obxectivo primordial recibir unha formación musical estricta e tan clásica como a da orientación profesional.

As cualificacións serán de “Apto” ou “Non apto”.

Todo alumno que comenzando no Plan de Formación de Orientación Profesional, por calquera motivo desexe cambiar ó Plan Xeral, deberán comunicarllo ó seu mestre.

Se polo contrario, algún alumno que comence no Plan Xeral e desexe pasarse o Plan de Orientación Profesional, deberán realizar unha proba de nivel, xa que os obxectivos e contidos a traballar non son os mesmos nos dous diferentes plans.

ORGANIGRAMA DO PLAN DE ESTUDOS

PRIMEIRA ETAPA

Primeiro Ciclo:

Música e Movemento: 4 anos.

Música e Movemento: 5 anos.

Segundo Ciclo:

Música e Movemento: 6 anos.

Música e Movemento: 7 anos.

SEGUNDA ETAPA

1º curso de Linguaxe Musical

1º curso de Instrumento

2º curso de Linguaxe Musical

2º curso de Instrumento

3º curso de Linguaxe Musical

3º curso de Instrumento

4º curso de Linguaxe Musical

4º curso de Instrumento

TERCEIRA ETAPA

5º curso de Linguaxe Musical

5º curso de Instrumento (todos os que superen 4º curso)

(só para a proba de Acceso ó Grado Profesional)

GRUPOS INSTRUMENTAIS OU DE CORO

Non teñen límite de permanencia, podendo comenzar a pertencer en calquera agrupación que oferte o centro dende o 2º curso do instrumento que curse.

TEMPORALIZACIÓN DAS CLASES

| | |
|---------------------------|--|
| MÚSICA E MOVEMENTO | 1 Clase semanal de 50 minutos |
| LINGUAXE MUSICAL | 2 Clases semanais de 50 minutos |
| INSTRUMENTOS | 1 Clase semanal de 50 minutos, 2 alumnos |
| AGRUPACIÓNS INSTRUMENTAIS | 1 Sesión semanal de 90 minutos |
| CORO | 1 Sesión semanal de 90 minutos |

AGRUPAMENTO DO ALUMNADO

| | |
|----------------------------------|---|
| MUSICA E MOVEMENTO | 12 alumnos por grupo |
| LINGUAXE MUSICAL | 15 alumnos por grupo |
| INSTRUMENTOS | 2 alumnos por cada 50 minutos |
| AGRUPACIÓNS INSTRUMENTAIS/VOCAIS | En función das características dos grupos |